

DE QUE ESTAMOS A FALAR?

Comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes escritos, impresos ou en versión electrónica

(Conclusións do Consello de 26 de novembro de 2012 sobre alfabetizacións múltiples)



BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA



ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA NA AULA

Promover a análise da información.

Os puntos clave son: a fonte, as referencias e a redacción. (Netiqueta)

Estimular a curiosidade para buscar e contrastar información.

Ensinar a pensar na seguridade antes de facer click (ciberseguridade)

Mostrar como evitar a desinformación ou sobreinformación.



A UNESCO unifica a Alfabetización Mediática coa Informacional (AMI) e considéraas un conxunto combinado de competencias necesarias para sobrevivir no século XXI. Está conformada por tres alfabetizacións esenciais:

- A alfabetización en medios (*Media Literacy*).
- A alfabetización informacional (*Information Literacy*).
- A alfabetización dixital (*Digital Literacy*).

Alfabetización mediática e informacional nos espazos dixitais: Unha Axenda Global Colectiva

HABILIDADES QUE SE DESENVOLVEN

Pensamento crítico

Expresión en diferentes medios

Competencia lectora e no análise da información.

Responsabilidade dixital



MEDIA INFORMATION LITERACY for teachers

COMO IDENTIFICAR NOTICIAS FALSAS

- ESTUDE A FONTE**
Non se centre só na noticia e investigue o sitio web, o seu obxectivo e a información de contacto
- LEA TODO O TEXTO**
Un titular abraiante pode querer captar a súa atención. Cal é a historia completa?
- DE QUEN É A AUTORÍA?**
Faga unha procura rápida sobre a autoría. É fiable? É real?
- FONTES ADICIONAIS**
Faga clic nas ligazóns e verifique que haxa datos que avalen a información
- COMPROBE A DATA**
Publicar noticias antigas non significa que sexan relevantes para feitos actuais
- É UNHA BRINCADEIRA?**
Se for moi extravagante, pode ser unha sátira. Investigue o sitio web e a autoría
- CONSIDERE A SÚA ORIENTACIÓN**
Teña en conta que as súas creencias poderían alterar a súa opinión
- PREGUNTE A UNHA PERSOA CON EXPERIENCIA**
Pida axuda na biblioteca ou consulte un sitio web de verificación

HAI MOITOS XEITOS DE CELEBRAR A SEMANA MUNDIAL DA ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

Utiliza os medios e a tecnoloxía como vehículos para promocionar AMI a nivel mundial. Usa o hashtag #SemanaGlobalAMI e comparte as túas experiencias co mundo!

Inspírate nos MILK CLICKS da páxina da UNESCO, crea os teus propios e difúndeos na túa comunidade educativa.

Organiza un día da Alfabetización Mediática e Informacional na túa comunidade reunindo a diversos actores comprometidos coa AMI (ONG, profesionais de AMI, medios locais, legisladores, estudantes, docentes, etc.)

ESTE ANO PODES PARTICIPAR NO RETO PARA A SEMANA AMI NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 2023

OLLO, PIOLLO! FAI CLIC NESTE ENLACE, TOMA A PALABRA!

#AMInabiblio

#ollopiollo

#bescolaresgal



Envía unha carta, correo electrónico ou mensaxe de redes sociais aos medios e emisoras locais, bibliotecas públicas, ONG locais, organizacións xuvenís, operadores de transporte público, representantes políticos da túa localidade, etc., solicitando que haga máis por promover AMI.